

## **BASES E CONVOCATORIA DO CONCURSO DE DISFRACES COMPARSAS, PARELLAS E DISFRACES INDIVIDUAIS DO ENTROIDO 2020.**

### **PRIMEIRA: ORGANIZACIÓN**

O Concello de San Cibrao das Viñas convoca un concurso de disfraces para comparsas, parellas e disfraces individuais que se celebrará con motivo do Entroido 2020, o sábado 22 de febreiro, ás 17:00 horas, no Polideportivo de San Cibrao das Viñas.

### **SEGUNDA: SOLICITUDE E INSCRICIÓN E DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR**

A inscrición dos participantes faráselle nas oficinas do Concello de San Cibrao das Viñas, en impreso normalizado para este fin, dende o día 5 ata o día 18 de febreiro de 2020 en horario de 8:30 a 14:00 horas.

### **TERCEIRA: REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN**

A participación está aberta a todas as persoas empadroadas no concello de San Cibrao das Viñas.

Nas solicitudes de participación deberán figurar o nome do disfraz individual, parella ou comparsa.

A participación no concurso implica a aceptación das bases, sendo a decisión do xurado inapelable.

### **CUARTA: MODALIDADES DE PARTICIPACIÓN**

As modalidades nas que se pode participar no concurso son:

Comparsas: Estarán compostas por un mínimo de 6 persoas, sendo a metade dos integrantes da comparsa necesariamente persoas empadroadas.

Parellas- mixtas: Estarán compostas por 1 adulto e 1 infantil ou por 2 adultos

Parellas-infantís: Os compoñentes non poderán ter máis de 10 anos

Individual Infantil: Ata 10 anos incluídos.

Individual Adultos: A partir de 11 anos.

### **QUINTA: COMPOSICIÓN DO XURADO**



A cualificación das comparsas, parellas e disfraces individuais será determinada polo Xurado do concurso, que estará formado por:

Presidente: - Concelleira de Servizos Sociais ou persoa que a substitúa

Vogais: - Dous representantes do Concello e unha persoa designada entre o público asistente.

Secretario: Actuará como secretario un dos representantes do concello que actúen como membros do xurado.

### **SEXTA: CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Cada membro do Xurado valorará os seguintes criterios:

- Orixinalidade
- Simpatía
- Vistosidade
- Calidade
- Laboriosidade

Cada un destes criterios será calificado de 1 a 5 puntos en cada comparsa, parella e disfraz individual participante. Ademais, na categoría de comparsa valorarase de 1 a 5 a parodia/escenificación, e música que os acompañen. No suposto de empate, procederase a unha segunda puntuación.

O xurado levantará Acta na que recolla as puntuacións asignadas a cada categoría na que figurarán os datos identificativos dos beneficiarios:

- CIF ou NIF
- Nome e Apelidos do beneficiario ou representante no caso de parellas ou grupos.
- Nº de conta da titularidade do beneficiario da comparsa ou representante.

### **SÉTIMA: CONTÍA DOS PREMIOS**

Concederanse os seguintes premios segundo as distintas categorías, con cargo á partida orzamentaria 338480 do orzamento prorrogado, por un importe máximo de 2.450 euros:

1º premio Individual- infantil dotado con: 100 euros

2º premio Individual- infantil dotado con: 75 euros

3º premio Individual- infantil dotado con: 50 euros

1º premio de Individual- adulto dotado con:100 euros



2º premio de Individual- adulto dotado con: 75 euros

3º premio de Individual- adulto dotado con: 50 euros

1º premio de parellas- mixtas dotado con:150 euros

2º premio de parellas- mixtas dotado con: 125 euros

3º premio de parellas- mixtas dotado con: 100 euros

1º premio de parellas- infantís dotado con:150 euros

2º premio de parellas- infantís dotado con: 125 euros

3º premio de parellas- infantís dotado con: 100 euros

1º premio comparsas- dotado con: 500 euros

2º premio comparsas- dotado con: 350 euros

3º premio comparsas- dotado con: 250 euros

4º premio comparsas- dotado con: 150 euros

Os premios poderán ser declarados desertos polo Xurado do concurso.

**OITAVA:** A Xunta de Goberno Local á vista da Acta emitida polo Xurado, aprobará os premios a favor de cada un dos beneficiarios, recoñecerá as obrigas e ordenará o pago ás contas correntes que para este fin teñan facilitado os beneficiarios.

### **NOVENA: ENTREGA DE DIPLOMAS ACREDITATIVOS**

A entrega dos diplomas acreditativos dos premios terá lugar o mesmo día de celebración do Entroido: unha vez feita a avaliación polo Xurado, o Alcalde fará público o resultado.

### **DÉCIMA: COBRO DOS PREMIOS**

Para poder cobrar os premios económicos deberán entregar, ó longo do mes de marzo de xeito inescusable, unha copia do diploma acreditativo do dito premio nas oficinas do Concello de San Cibrao das Viñas, achegando neste momento, certificado de titularidade da conta bancaria do participante/s ou do representante da comparsa segundo o caso.

De non presentar esta documentación no prazo sinalado perderase o dereito a cobrar o dito premio.

San Cibrao das Viñas, á data da sinatura electrónica





O Alcalde

Manuel Pedro Fernández Moreiras

